

CIENTÍFICAS NA AULA

A DIVISIÓN EDUCATIVA DE CASIO ESPAÑA PROMOVE O INTERESE POLA CIENCIA VISIBILIZANDO CIENTÍFICAS RELEVANTES NAS SÚAS CALCULADORAS CLASSWIZ.

Vivimos nun mundo cada vez máis global e diverso onde a **igualdade non está conseguida na maioría de ámbitos**. No científico-tecnolóxico a brecha de xénero é evidente: segundo a UNESCO só o 29 %* dos investigadores a nivel mundial son mulleres. En España o dato mellora notablemente cunha representación feminina do 39 % no sector científico, pero dista moito da igualdade desexada nun sector tradicionalmente dominado por homes.

As competencias científicas están tomando unha relevancia vital na sociedade (ver os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible incluídos na Axenda 2030) e **non podemos permitirnos obviar o punto de vista feminino**. A pesar de que o 54,3 % do total de estudantes do sistema universitario español son mulleres, a súa presenza nas titulacións técnicas como Enxeñaría e Arquitectura decae ao 25,5 %, segundo datos do Ministerio de Educación e Ciencia**.

Nese contexto, CASIO quere achegar o seu gran de area, dando **referentes femininos a estudantes de Educación Secundaria** que se atopan nunha idade moi sensible para reflexionar sobre o seu futuro e sobre a vida en xeral.

Quen non tivo unha calculadora científica CASIO?, por algo lles chamamos as calculadoras #detodaavida... A calculadora científica é unha ferramenta pedagóxica ideal para o estudo das ciencias, a tecnoloxía, as enxeñarías e as matemáticas (as STEM, polas súas siglas en inglés) e o seu uso está moi estendido nas aulas da ESO e Bacharelato.



UNHA HOMENAXE A 12 CIENTÍFICAS QUE CAMBIARON A HISTORIA

CASIO púxose en contacto con 12 ilustradoras para que escollan a súa científica favorita e a retraten. Esta ilustración irá serigrafada nas carcacas das calculadoras CASIO ClassWiz. **12 artistas** que, coa súa visión e creatividade, contribuíron ao imaxinario deste proxecto artístico coral, engadindo o "A" de "Art" definitivamente á sigla STEAM: Ana Galvañ (Ángela Ruíz Robles), Ana Juan (Hedy Lamarr), Cinta Arribas (Donna Strickland), Coco Escribano (Jess Wade), Conxita Herrero (Hipatia), Gema Rupérez (Maryam Mirzakhani), Julia Bereciartu (Ada Lovelace), Laura Liedo (Sophie Germain), Leire Bueno (Cecilia Payne-Gaposchkin), Nuria Riaza (Chien-Shiung Wu), Raquel Riba Rossy (Marie Curie), Rita Cortés (Katherine Johnson).



Ana Sostres Remacha ensina o seu traballo en Sophie Germain

DANDO A COÑECER REFERENTES FEMININOS NAS STEM

Con esta acción CASIO contribúe a darlle a volta á inxustiza histórica da pouca visibilidade que ten **a muller no mundo da ciencia**, a tecnoloxía e as matemáticas. Tamén esperta a curiosidade polas científicas e os seus logros (tristemente descoñecidos) entre os estudantes, rompe con estereotipos de xénero arredor da ciencia e a tecnoloxía e **incita a unha conversa na aula sobre todos estes temas**.

Ademais, CASIO colabora con diferentes entidades para o **fomento das vocacións científico-técnicas entre as nenas e nenos**: a iniciativa 11 de febreiro, o programa Visibilízalas da Universitat Pompeu Fabra, o proxecto baseado en mentorado e promovido pola Facultade de Deusto INSPIRA STEAM, ou a editorial madrileña Principia, especializada en ciencia ilustrada.

As calculadoras CASIO ClassWiz Women do Science comercializaranse en España a partir deste próximo 1 de setembro baixo o nome de #cientificasCASIO.



Toda a información del projecte (biografies de les científiques i les artistes, contingut de valor per a l'aula, referents contemporanis, enllaços d'interès...)

www.cientificascasio.com.

Contacto: eloybernal@casio.es | [@CasioEdu](https://twitter.com/CasioEdu)